

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A COMPAÑÍA DE LAS HIJAS DE LA CARIDAD DE SAN VICENTE DE PAUL, DEL CENTRO ASISTENCIAL SAN PABLO Y SAN LAZARO, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E DE PREVENCIÓN E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA DESTINADOS ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, NO EXERCICIO 2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Compañía de las Hijas de la Caridad de san Vicente de Paul, del centro asistencial San Pablo y San Lazaroo instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o financiamento dos gastos derivados da execución das actividades da Compañía de las Hijas de la Caridad de san Vicente de Paul, del centro asistencial San Pablo y San Lazaro que configuran os programas de promoción da autonomía persoal destinados ás persoas con discapacidade intelectual, para desenvolver ou recuperar as capacidades e potencialidades de cada persoa, mellorando a súa calidade de vida e a súa integración social .

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 apartado a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a especificidade vén determinada pola atención personalizada a persoas con discapacidade intelectual de entre 16 e 59 anos, co obxecto de mellorar a súa calidade de vida e integración social e laboral, polo que a Compañía de las Hijas de la Caridad de san Vicente de Paul, del centro asistencial San Pablo y San Lazaro, é a única entidade que, sendo coñecedora das necesidades individualizadas das persoas usuarias do seu centro e atendendo ás posibilidades de mellora das mesmas, pode integrar na actividade diaria do dito centro as actuacións do proxecto a subvencionar a través deste convenio, o que dificulta a súa convocatoria pública.

Tendo en conta por unha banda a especificidade do programa polas características da actividade que se vai financiar, o colectivo ao que van dirixidas, e a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material



e medios humanos esixibles; e por outra a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude, conforme ao previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas con discapacidade intelectual, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, quedando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en aplicación da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, en relación do artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

P.A./ disp. ad. 1ª Decreto 124/2022, do 23 de xuño

O director xeral de Maiores e Atención Socio-sanitaria,

Antonio Acevedo Prado

